



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

Queremos informaros de que se atopa actualmente aberta a **II edición da aceleradora especializada en automoción Business Factory Auto (BFA)**. A través desta convocatoria seleccionaranse **ata 10 proxectos** que recibirán un **apoio económico de 25.000 euros** de axuda a fondo perdido concedida por GAIN e **100.000 euros en préstamos participativos** (50.000 euros a través de XesGalicia e 50.000 euros a través de Vigo Activo). O prazo de inscrición para participar nesta iniciativa da Rede Galega de Aceleradoras da Innovación remata o vindeiro **15 de agosto**. As bases do programa e o formulario de presentación de candidaturas están dispoñibles no seguinte enlace: <http://www.bfauto.es/gl/>. Como novidade desta edición, integrase no programa unha **fase de consolidación de proxectos, de ata 12 meses de duración**, co obxectivo de dispor dun produto desenvolvido e vendas/ingresos recorrentes.

O **obxectivo** desta iniciativa, promovida pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Innovación (GAIN), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), XesGalicia, a Fundación Clúster de Empresas de Automoción de Galicia (CEAGA), o Grupo PSA, o Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFV) e Vigo Activo S.C.R., é a **aceleración e consolidación de proxectos especializados en automoción** e a súa transformación en **empresas innovadoras, viables e escalables**, contribuíndo así a fortalecer a posición do sector e a incrementar a súa proxección internacional.

Se desexades coñecer algún dos proxectos que foron seleccionados na primeira edición, actualmente en fase de aceleración, podedes consultar toda a información na páxina web do programa: <http://www.bfauto.es/gl/proxectos>.

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

